




## O movemento natural da poboación

Coñecer a poboación que reside nun territorio xunto coas súas características (sexo, idade, nacionalidade, ...) só proporciona unha visión estática, pero a poboación está continuamente cambiando. A estatística do movemento natural da poboación, que facilita información sobre os principais fenómenos demográficos (nacementos, defuncións, matrimonios), xunto coa estatística de variacións residenciais, permite estudar a evolución da poboación ao largo do tempo.

## Natalidade

A información relativa aos nacementos obtense a partir do boletín estatístico de parto que debe cubrir o pai ou outro familiar cando inscribe o nacemento no Rexistro Civil.

O nacemento identifícase co concepto biolóxico de nacido con vida. Hai que ter en conta que non é o mesmo un nacemento que un parto. Un parto pode dar lugar a varios nacementos e inclúen as mortes fetais tardías (fetos mortos con 6 ou máis meses de xestación).

## Mortalidade

A fonte de información é o boletín estatístico de defuncións que se cubre no Rexistro Civil no momento de inscribir as defuncións.

## Saldo vexetativo

Nacementos − Defuncións = Saldo vexetativo

## Movementos migratorios

Os datos de movementos migratorios obtéñense a partir da explotación das altas e baixas rexistradas nos padróns municipais de habitantes motivadas por cambios de residencia da poboación. Segundo a normativa vixente, toda persoa que cambie de residencia está obrigada a solicitar por escrito a alta no padrón do concello de destino.






## Saldo migratorio




## Máis información ...

Podes atopar información máis detallada nas unidades didácticas:

- ✓ Movemento natural da poboación
  http://www.ige.eu/estatico/educacion/Xeografia/MNP/Teoria.htm
- ✓ Movementos migratorios
  http://www.ige.eu/estatico/educacion/Xeografia/Migracions/Teoria.htm